

2012

## **CREACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULAMENTADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DO PUNTO LIMPO**

Primeiro: Crear a ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización do punto limpo do Concello de Sanxenxo, que queda redactada como segue:

### **ARTIGO 1º. NATUREZA E FUNDAMENTO**

No uso das facultades concedidas polo artigo 25.2.1) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e en relación coas disposicións contidas na Lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, o concello acorda a imposición e ordenación da regulación do uso e funcionamento do Punto Limpo municipal de residuos sólidos urbanos do territorio municipal de Sanxenxo.

### **ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE**

Constitúe o feito imponible da presente ordenanza o uso do servizo do Punto Limpo de residuos sólidos do Concello de Sanxenxo.

### **ARTIGO 3º. SUXEITO PASIVO**

Serán suxeitos pasivos os usuarios do Punto Limpo de residuos sólidos municipal

### **ARTIGO 4º. RESPONSABLES**

Serán responsables solidarios das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria.

### **ARTIGO 5º DEVENGO**

Nace a obriga de contribuír no momento de solicitar o servizo.

### **ARTIGO 6º PERÍODO IMPOSITIVO**

O pagamento e o dereito liquidado son de contraído simultáneo á solicitude do servizo e á prestación de mesmo.

### **ARTIGO 7º BASE IMPOÑIBLE E COTA TRIBUTARIA**

A base imponible é o número de kg de material depositado.

A determinación e cotas por depósito realizaranse de acordo co seguinte cadro:

TIPO DE RESIDUO	PESO KG	TARIFA
ESCOMBRO	Ata 50 kg	0,00 euros/kg
ESCOMBRO	de máis de 50 kg ata 1.000 kg	0,20 euros/kg

Os demais residuos quedan excluídos da aplicación de tarifas por depósito.

A cota tributaria determinarase por unha cantidade variable sinalada segundo a natureza dos residuos a depositar, de acordo coa Tarifa que contén o artigo seguinte.

#### ARTIGO 8º NORMAS DE XESTIÓN

No caso de resultar suxeito pasivo da presente taxa o funcionario correspondente asesorará ao contribuínte acerca de como cumprimentar o impreso de autoliquidación e esixiralle o importe que corresponda.

Procederáse efectuar o pagamento con carácter previo ao depósito dos produtos no Punto Limpo municipal. Este pagamento poderá efectuarse no concello ou en conta municipal aberta en calquera entidade financeira. Posteriormente, os interesados en recibir a prestación do servizo presentaranse ante o encargado/a municipal do Punto Limpo mostrándolle a carta de pagamento entregada no concello.

#### ARTIGO 9.º DECLARACIÓN E INGRESO

A taxa esixirase en réxime de autoliquidación. A administración poderá comprobar a autoliquidación e os seus elementos cuantitativos.

#### DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal, entrará en vigor a partir do día 01.01.13.